

## BANDA SINFÓNICA MUNICIPAL DE RIBADEO

A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo está a comezar a sua novena temporda de concertos. O 25 de xaneiro de 1992 ofereceu o seu primeiro concerto público, perante case mil persoas. Dos cuarenta xóvenes compoñentes iniciais ten pasado a conformar un plantel de Banda Sinfónica de máis de oitenta músicos amaters. A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo está promovida pola Asociación Amadores da Música en colaboración permanente co Excmo. Concello de Ribadeo.

Nistos poucos anos de vida, a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ten ofrecido importantes concertos: Teatro Colón (A Coruña), Praza da Quintana (Santiago de Compostela), Praza Maior e Auditório da Vaguada (Madrid), Praça Real e Parque de Provençals (Barcelona), Benijáin (Múrcia), Loures, Lisboa e Tomar (Portugal), Teatro Campoamor (Oviedo), Círculo das Artes de Lugo, Auditório Isabel de Farnesio de Aranjuez (Madrid), Concatedral de Ferrol, etc. Ten realizado gravacions para a Rádio e Televisión de Galiza e máis para a Televisión Española.

A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo difunde en comezando cada ano unha programación estable dos seus concertos en Ribadeo. Neles ten incluído programas monográficos (música de cine, música religiosa, etc.), e outros, como o de Nadal ("Aqui como en Viena"), forman xa parte dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo. Tamén, o Festival de Bandas que organiza no mes de agosto e que o último verán acadou a sua quinta edición estase a converter nun importante referente cultural.

Hai pouco máis de dous anos que a Banda ribadense apresentou o seu primeiro CD. O disco, que ten colleitado un grande éxito de vendas e de crítica, inclue o *Andante Spianato e Grande Polonesa en Mi bemol Maior*, de Chopin, acompañando a Banda ao prestixioso pianista cubano António Queija Uz, na transcripción para Banda que das partes orquestrais da obra realizou Hernán Naval, Director da Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo. O CD, como o programa do seu concerto de hoxe na Coruña, é testemuña do que ven sendo o heterodoxo facer na Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo na sua curta pero intensa traxectória pública: música sinfónica, música contemporánea (bandas sonoras, nova música para Banda...), etc., sempre desde presupostos conceituais formativos, tanto para o público como para a propia Banda, rachando cos atavismos das dianas e alboradas como único horizonte das Bandas populares. A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo prevé realizar este ano as sesións de gravación de dous novos discos compactos: un de célebres fragmentos de bandas sonoras cinematográficas e outro de música galega (Gaos, Baudot, Paulino Pereiro, Guridi...).

### HERNÁN NAVAL Director

O profesor Hernán Naval, Director da Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo, nasceu en Viveiro en 1962. Estudou nos Conservatorios de A Coruña, Madrid, Santiago e Lugo. Foi profesor do Conservatorio de Música de Viveiro até o seu traslado a Ribadeo para formar e dirixir a Banda Municipal. Criou, co apoio e patrocinio do Excmo. Concello, a Escola Municipal de Música de Ribadeo, primeiro centro das suas características fundado en Galiza, hoxe con douscientostrinta alumnos e dez profesores.

Hernán Naval é autor de pezas para Coro (formou e dirixiu durante dous anos a Coral Polifónica de San Cibrán-Cervo) e para Banda; duas das suas obras (*Portbou-Saraxevo* e *Lonxe do mar*) están incluídas no CD gravado pola Banda Municipal de Ribadeo sob a súa dirección.

Hernán Naval ten contribuído, como ponente, conferencante e articulista, á divulgación dun novo discurso sobre a papel sócio-cultural das Bandas amaters e a formación musical da xuventude, organizando en Ribadeo, en 1994, un importante Congreso de Bandas de Música Populares de Galiza e participando en foros como Asambleas e Congresos de Educación da Confederación Española de Sociedades Musicais, reunións da Unión Europea de Escolas de Música, diversos debates públicos na Galiza, etc. Hernán Naval é o vice-presidente da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música (AGEMM) e dirixe actualmente a Big-band promovida por esta asociación para participar no VI Festival de Música dos Xóvenes Europeos que se celebrará en Trondheim (Noruega) do 31 de maio ao 4 de xuño próximos.

## CONCERTO

## BANDA SINFÓNICA MUNICIPAL DE RIBADEO

Domingo 14 de maio de 2000

12:30 h.

Teatro Rosalia de Castro

A CORUÑA



Ayuntamiento de La Coruña  
Concello de A Coruña

Tres das obras incluídas en programa son orixinais para grande banda. *Spartanburg* (Kopetz) e *Visions of flight* (Sheldon) están ideadas para bandas sinfónicas xuvenis e amaters nordeamericanas, e estadounidense é tamén Alfred Reed, o autor de *El Camino Real*, se ben na sua obra resulta menos contemplativo coas posibilidades técnicas dos conxuntos a interpretala; en efecto, a Fantasia Latina *El Camino Real* é a páxina máis comprometida, técnica e esteticamente, das abordadas pola BSMR no programa de hoxe. A opción programadora a prol das obras orixinalmente escritas para banda permite, dun lado, a explotación máxima e proveitosa dos incentivos instrumentais do conxunto (neste caso, un moi completo e numeroso conxunto), sen as ataduras e as limitacións das tradicionais transcripcións, e doutro, a contribución, ainda que só desde as posibilidades dunha agrupación xuvenil e amater vinculada a unha escola de música, á difusión dun apaixonante repertorio até o de agora menos divulgado que o das mentadas transcripcións. Transcripcións son a do célebre vals de Shostakovich, máis unha vez popularizado como parte da banda sonora do filme póstumo de Stanley Kubrick, ainda en carteira, e a do moi lírico Andante do segundo movimiento da *Sinfonia nº 2* do coruñés Andrés Gaos (A Coruña, 1874 - Mar del Plata, 1959), arranxado polo próprio Director da BSMR, o profesor Hernán Naval. A 2ª de Gaos, completa e na sua versión orixinal, ten sido gravada pola Orquestra Sinfónica de Galiza xunto a outras obras de Gaos, como a *Impresión nocturna* ou a *Fantasia par Violin e Orquesta*; a pasaxe que hoxe escoitaremos tamén será gravada para incluir nun singular CD de música galega por banda, mais lonxe de folklorismo, que proxecta a BSMR.

#### O Ragtime de Paulino Pereiro

O novo CD da BSMR (un dos novos, pois tamén pretende facer outro con célebres fragmentos de bandas sonoras, como por exemplo o archicofieido *Do-Re-Mi* de *Sorrisos e bágoas*, na versión que pecha o programa) incluirá tamén a primeira incursión bandística do emerxente Paulino Pereiro (A Coruña, 1957): un rutilante e util *Ragtime* que inicialmente escrevera para violin e piano hai algunos anos. Da versión para grande banda do *Ragtime* ofrécese hoxe a sua estrea absoluta.

Composer e Profesor Superior de Frauta traveseira, Paulino Pereiro ten xa un importante e variado catálogo estreado: música sinfónica, música de cámara, música incidental para o cine e para o teatro, música para piano, etc. Obras orquestrais suas foron programadas pola Orquestra Sinfónica de Galiza e pola Real Filharmonia. Pereiro é membro fundador da Asociación Galega de Compositores e autor do libro de divulgación *Iniciación á linguaxe musical* (Laiovenzo, 1995).

## PROGRAMA

**Spartanburg** (Obertura) .... Barry E. Kopetz

**O Camiño Real** ..... Alfred Reed

**Andante** do 2º mov. (*Cantos celtas*)  
da **Sinfonia nº 2**

(*Nas montañas de Galiza*) ..... Andrés Gaos  
(Arr.: Hernán Naval)

**Ragtime** (\*) ..... Paulino Pereiro

**O segundo vals**

(da *Jazz Suite nº 2*) ..... D. Shostakovich  
(Arr.: A. Waignein)

**Visions of flight**

(*Visións de vó*) ..... Robert Sheldon

**Sorrisos e bágoas** ..... Richard Rodgers

(Arr.: Takashi Hoshide)

## HERNÁN NAVAL

Director

(\*) Estrea absoluta